



CONCELLO DE RIVEIRA



**FEDERACIÓN GALEGA
DE
ATLETISMO**

RIVEIRA21 CAMPIONATO DE GALICIA DE MEDIO MARATÓN

REGULAMENTO XERAL

Art. 1. DATA

O Concello de Riveira e a Federación Galega de Atletismo organizan o vindeiro 03 de xuño de 2018 o II Medio Maratón Riveira21, que será a súa vez **Campionato de Galicia absoluto e das categorías Sub 20, Sub 23 e Máster**. A proba disputarase sobre unha distancia homologada de 21.097,50 metros.

Art. 2. HORARIO e LUGAR DE SAIDA

A saída da carreira terá lugar ás 10.00 horas desde a localidade de Aguiño en Riveira. Os corredores serán trasladados en autobuses desde a zona do Malecón de Riveira a partir das 08.30 horas.

Art. 3. CIRCUITO

O percorrido consistirá nunha saída desde a localidade de Aguiño, un traxecto lineal ata Riveira e 2 voltas a un circuito urbano desde o malecón de Riveira ata a zona de Coroso. O circuito estará homologado pola **Real Federación Española de Atletismo (R.F.E.A.)**.

O circuito estará completamente pechado ao tráfico e os únicos vehículos que poderán seguir a proba serán os designados estritamente pola organización.

Art. 4. CONTROL TECNICO DA CARREIRA

A carreira estará baixo o control técnico do Comité Galego de Xuíces da Federación Gallega de Atletismo.

Art. 5. PECHE DE CONTROL DA CARREIRA

O peche da proba realizarase ás 12.30 h (2 horas e 30 minutos despois da súa saída). Así mesmo, **establecerase un tempo de 1 hora e 15 minutos para o paso polo km 10**.

Pasado o tempo límite correspondente tanto ao primeiro tramo da carreira, como á distancia total, a persoa participante que siga en carreira deberase retirar do circuito oficial de competición.



CONCELLO DE RIVEIRA



**FEDERACIÓN GALEGA
DE
ATLETISMO**

Art. 6. CATEGORIAS

Estableceranse as seguintes categorías de competición para o medio Maratón Riveira21:

CATEGORÍA	ANO DE NACEMENTO
SUB 20	1999-2000
SUB 23	1996-1997-1998
SENIOR	Desde o 1995 e anteriores ata Máster
MASTER 1	De 35 a 39 anos cumpridos no día da proba
MASTER 2	De 40 a 44 anos cumpridos no día da proba
MASTER 3	De 45 a 54 anos cumpridos no día da proba
MASTER 4	De 55 anos cumpridos no día da proba e anteriores

Para o Campionato de Galicia de Medio Maratón realizaranse as categorías establecidas na circular do Campionato

<http://www.atletismogalego.org/CIRCULARES/Circular%2050-2017.pdf>

Art. 7: INSCRICIONS E PRAZOS

- a) As inscricións realizaranse a través da pasarela da páxina web www.carreirasgalegas.com . Estará operativa desde o 11 de abril de 2018 ás 10:00 horas ata o mércores 30 de maio ás 23.59 horas do día de 2018.

Para o campionato de Galicia realizaranse no ligazón <https://isis.rfea.es/sirfea2/> e terán que ser os clubs os que inscriban no campionato aos seus atletas.

- b) Cotas da inscrición:

CARREIRA	DO 11 DE ABRIL AO 24 DE MAIO	DO 25 AO 30 DE MAIO
Medio Maratón Riveira21	15,00 €	18,00 €

A inscrición no Campionato será gratuíta, pero o atleta que non se inscriba no medio maratón Riveira21 perderá a opción a recibir o agasallo técnico nin optar a calquera tipo de premio da carreira popular.

NOTA: Todos os atletas inscritos/as ate o día 24 de maio ás 12.00 horas terán reservada camiseta coa súa correspondente talla marcada no formulario de inscrición. A partir desa data non se lle garantirán nin camiseta, nin talla, nin outro tipo de agasallos de organización.



CONCELLO DE RIVEIRA



**FEDERACIÓN GALEGA
DE
ATLETISMO**

Art. 8. ENTREGA DE DORSAIS-CHIP

Realizarase o sábado no Complexo Deportivo de A Fieiteira de 17.00 a 20.00 horas, e o domingo 03 de xuño entre ás 08.30 e 09.30 horas na zona do Malecón.

Art. 9. UTILIZACIÓN DE DORSAIS-CHIP

Os dorsais son persoais e intransferibles e deberán ir colocados na parte anterior do corpo de forma totalmente visible, sen dobreces, e así se deberán levar durante toda a proba. O chip tamén é persoal e intransferible. O incumprimento deste artigo será motivo de descalificación sempre a criterio do xuíz árbitro da competición.

Non serán admitidos pola organización corredores/as que non estean inscritos/as ou corran sen dorsal e chip, ou co dorsal e chip correspondentes a outra carreira. Impedirase que teñan acceso á carreira en defensa dos dereitos dos regulamentariamente inscritos.

Art. 10. SISTEMA DE CRONOMETRAXE

A cronometraxe realizarase mediante o sistema de chip-dorsal. Haberá puntos de control ao longo do percorrido. As persoas participantes que non cumpran co paso por todos os puntos de control establecidos poderán ser descalificadas se así o decide o xuíz árbitro da proba, coa consecuente eliminación dos resultados finais oficiais.

Art. 11. COLOCACIÓN PREVIA E CAIXÓNS DE SAÍDA

As persoas participantes deberanse colocar na zona acoutada que lles corresponda na saída, segundo o dorsal que teñan asignado. Deberán estar no seu lugar non máis tarde de 10 minutos antes do disparo oficial de saída. No caso de que o volume de atletas inscritos o requira, estableceranse caixóns de saída por marca, co cal no momento da inscrición deberán reflexar a mellor marca realizada na distancia en probas homologadas.

Art. 12. UTILIZACIÓN DE MEDIOS FÍSICOS NATURAIS

As persoas participantes terán que competir cos seus propios medios físicos naturais, sen axudas externas.

Non está permitido o acompañamento en carreira por parte de ningún vehículo alleo á organización, nin bicicleta, patíns ou persoas non inscritas na carreira que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos ás persoas participantes. Así mesmo non se permite a participación con coches ou cadeiras de nenos, animais, nin correr acompañados destes en ningún momento.



CONCELLO DE RIVEIRA



**FEDERACIÓN GALEGA
DE
ATLETISMO**

Art. 13. AVITUALLAMENTOS

Realizaranse postos de avituallamento nos kilómetros 5, 10, 15 e meta.

Art. 14. SERVICIOS MÉDICOS

A proba dispoñerá dos servizos médicos conforme a lei vixente para competicións deportivas.

Art. 15. OUTROS SERVICIOS

A organización poñerá a disposición das persoas participantes avituallamento e **GARDARROUPA** na zona de saída/meta, e duchas e vestiarios no polideportivo municipal de Coroso e Centro Deportivo de A Fieiteira.

Art. 16. CLASIFICACIÓN

Realizaranse as seguintes clasificacións:

- Clasificación Xeral Absoluta
- Clasificación por Categorías Masculina e Feminina
- Clasificación por clubs

Art. 17. PREMIOS

INDIVIDUAIS

CATEGORÍA	HOMES / MULLERES	POSTO	TROFEO	PREMIO
Absoluta	Si	1 ^{o/a}	Si	450 €
Absoluta	Si	2 ^{o/a}	Si	350 €
Absoluta	Si	3 ^{o/a}	Si	150 €
Absoluta	Si	4 ^{o/a}	Non	100 €
Absoluta	Si	5 ^{o/a}	Non	50 €

CLUBES FEDERADOS EN ATLETISMO (EQUIPOS MIXTOS)

CATEGORÍA	CATEGORIA MIXTA	POSTO	TROFEO	PREMIO
Absoluta	Si	1 ^o	Si	300 €
Absoluta	Si	2 ^o	Si	200 €
Absoluta	Si	3 ^o	Si	100 €
Absoluta	Si	4 ^o	Non	50 €



CONCELLO DE RIVEIRA



**FEDERACIÓN GALEGA
DE
ATLETISMO**

Os premios en metálico estarán suxeitos ás retencións legais vixentes. Así mesmo, entregaráselles trofeos aos tres primeiros/as de cada unha das categorías indicadas no artigo 6 do presente regulamento.

Para a clasificación por clubs federados en atletismo, realizarase polos 6 mellores compoñentes do mesmo, pero será imprescindible que alúmenos 10 corredores crucen a liña de meta para entrar nesta clasificación.

Art. 18. ENTREGA DE PREMIOS

Realizarase ás 13.00 horas no podium situado na zona de meta. Os/as atletas premiados/as deberanse situar na zona próxima á entrega de premios no momento no que pola megafonía se faga o anuncio do seu comezo, así como estar pendentes da chamada a cada unha das categorías. En caso de choiva a entrega de premios trasladarase ao auditorio municipal.

Con carácter xeral, os/as atletas que non se presenten á recollida do seu premio no momento da entrega, perderán o dereito para recollelo.

Exclusivamente poderán subir ao podium os/as atletas premiados/as. Non se entregará o premio a ninguén que non sexa o/a propio/a atleta.

Art. 19. RECLAMACIÓNS

Todas as reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, situado na zona de meta, non máis tarde de 30 minutos despois de publicados os resultados oficiais.

Art. 20. DESCALIFICACIÓNS

Os membros da organización resérvanse a facultade de retirar da proba o/a atleta que manifeste un mal estado físico, que non lle facilite á organización a documentación que se lle requira ou os/as corredores/as que non respecten as indicacións da Policía Local, Protección Civil, xurado, servizos médicos ou membros da organización debidamente identificados.

Os xuíces da proba terán a facultade de descualificar o/a infractor que non leve visible o seu dorsal, que o manipule e/ou ceda a outro, altere os datos facilitados á organización con respecto aos que figuren no seu DNI ou ficha federativa, non complete o percorrido completo, ou incumpra calquera outra norma contemplada nas Normas da **FGA**, **RFEA** ou **IAAF**.

As persoas corredoras descualificadas non terán opción aos premios e trofeos.



CONCELLO DE RIVEIRA



**FEDERACIÓN GALEGA
DE
ATLETISMO**

Art. 21. RESPONSABILIDADE

A persoa participante declara, baixo a súa responsabilidade, realizarse o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, e exime a organización da devandita responsabilidade.

A organización dispón dun Seguro de Accidentes e Responsabilidade Civil que cubrirá as incidencias inherentes á proba.

Art. 22. LOPD

Todas as persoas corredoras ao realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet. Mediante a inscrición, o/a participante consente expresamente que os seus datos sexan utilizados polo Concello de Riveira e a Federación Galega de Atletismo para comunicacións sobre as súas actividades e publicación de reportaxes sobre a proba.

Art. 23. COMPROMISO

A inscrición na carreira implica a plena aceptación do presente regulamento.

Art. 24. CAMBIOS NO REGULAMENTO

A organización resérvase o dereito de realizar algún cambio no presente regulamento se así o considerase, e deberá comunicalo na web e na información ás persoas participantes.

CONSIDERACIÓN FINAL

Todo o non reflectido no presente regulamento rexerese, por esta orde, polas normas da FGA, RFEA e da IAAF.